



## ***A RESPOSTA SOCIAL ACTUAL ÁS INFRACCIÓN COMETIDAS POLOS MOZOS E PERSPECTIVAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO***

**Carlos VARELA GARCÍA**  
*Fiscal xefe do TSXG*

Como é ben sabido, a intervención con adolescentes en situación de risco é unha tarefa complexa na que teñen que implicarse os profesionais das distintas disciplinas que entran en contacto co problema: pais, educadores, traballadores sociais e xuristas.

As vertentes que presenta a problemática xuvenil son tan variadas como as causas que levan a estas situacións e que poden ser tanto de índole persoal como factores psicolóxicos ou de saúde, económicos, sociais, educativos, culturais ou familiares.

En materia de delincuencia xuvenil, hai que comezar necesariamente falando da protección, pois a ninguén lle pasa desapercibido que é nesta fase cando existen maiores posibilidades de actuación.

A realidade demóstranos con datos estatísticos contrastados que unha elevada

porcentaxe de menores infractores suxeitos a expedientes de reforma pasaron previamente polos servizos autonómicos de protección e que existe un alto índice de menores autores de delito en situación previa de desamparo.

Nesta materia o Ministerio Fiscal, en coordinación coas Forzas de Seguridade do Estado e os axentes sociais, ten un destacado papel, mentres que a posibilidade de actuación do xuíz de menores é máis limitada, ao estar en presenza de competencias propias do xuíz civil.

En calquera caso, as medidas previstas no artigo 7 da LORPM aplicables aos menores infractores, non deixan de ser como as do artigo 172 do Código civil, isto é, medidas tuitivas cuxa finalidade é outorgarlle ao menor un marco asistencial axeitado no ámbito persoal, que poderán deixarse sen efecto cando as necesidades educativas do menor estean cubertas.

Un dos principais problemas político-criminais que existe na actualidade ten a súa orixe na percepción social que se ten da criminalidade xuvenil, na que está considerablemente xeneralizada a idea de que nos encontramos ante unha delincuencia de carácter grave e que experimenta un incremento constante, cando iso non se corresponde cos datos reais.

Xérase deste modo un estado de opinión que acaba influíndo en boa medida na resposta da lei penal a este fenómeno.

Neste punto resulta crucial o papel despregado por unha parte dos medios de comunicación, que difunden ese suposto aumento da criminalidade xuvenil, sobre todo de carácter violento; a través deste tipo de información distorsionada créase unha sensación de ameaza na opinión pública que se traduce en constantes peticións de endurecemento da resposta penal nesta materia.

Á hora de delimitar o concepto de “menor”, sobre todo cando se asocia ao adxectivo “infractor”, facemos referencia ao rapaz ou á rapaza maior de 14 anos e menor de 18, pola transcendencia dos comportamentos contrarios á lei que poden cometerse nesta franxa de idade, e a súa relevancia xurídico-penal, criminolóxica e vitimolóxica.

Determinar a minoría de idade para os efectos da responsabilidade penal ante a lei é un tema debatido, pois existe unha gran variedade de criterios para fixar a idade límite en que unha persoa poida considerarse como menor.

En España, cada vez que, lamentablemente, aparece un caso especialmente tráxico e cruel cometido por menores, xorden moitas voces que avogan pola necesidade de rebaixar a idade penal aos menores.

Uns dos principais argumentos presentados polos sectores que defenden a rebaixa da

idade penal como solución ao problema da delincuencia xuvenil baséase nunha interpretación equivocada da lei penal xuvenil (LORPM) segundo a cal esta normativa favorece a inadecuada punición dos mozos infractores menores de 18 anos.

Ao contrario do que afirman estes sectores conservadores da sociedade, a LORPM non converte os adolescentes en impunes, xa que as súas normas legais lles impoñen aos adolescentes que cometeron un feito delituoso medidas socio-educativas compatibles coa súa condición de persoas en desenvolvemento e co delito practicado, a saber: advertencia, obriga de reparar o dano causado, prestación de servizos á comunidade, liberdade asistida, semiliberdade e internamento.

Mesmo as infraccións que revisten especial gravidade foron obxecto dun maior endurecemento punitivo na reforma operada pola **LEI ORGÁNICA 8/2006, do 4 de decembro, que modifica a lei penal xuvenil para, entre outros, os delitos de homicidio e contra a liberdade e indemnidade sexual.**

A nosa opinión como expertos na temática do menor infractor fainos posicionar en contra desa posibilidade e considerar a educación en valores, as redes de educadores de base e a protección social do menor, e en ocasións mesmo da súa familia, como os puntos clave para o tratamento con menores infractores.

Non esquezamos que en termos xerais se considera menor de idade a quen polo seu desenvolvemento físico e psíquico non ten a capacidade de autodeterminación característica do adulto e, en moitos casos, capacidade para comprender a antixuricidade da súa conduta.

Pero aínda naqueles supostos en que o menor infractor sabe o que fai e comprende o significado do feito delituoso e actúa en consecuencia, atendendo ao artigo 5 da

LO 5/2000 reguladora da responsabilidade penal do menor, conclúese que non é posible utilizar o criterio da imputabilidade para excluír a responsabilidade penal do menor, senón “só e exclusivamente para excluír a devandita responsabilidade conforme ao Código penal”, sendo así que o principio de culpabilidade polo feito delituoso debe adaptarse sempre á súa peculiar psicoloxía e grao de madurez.

Así pois, pártese do feito de que os menores infractores saben o que fan e de que polo tanto son imputables, pero malia iso non os enviamos a prisión, pois temos unha solución mellor para os seus delitos.

En definitiva, como resulta da filosofía da propia lei penal xuvenil, no dereito penal de menores debe primar como elemento determinante do procedemento e das medidas que se adopten o superior interese do menor. Interese que ha de ser valorado con criterios técnicos e non formalistas por equipos de profesionais especializados no ámbito das ciencias non xurídicas.

En aplicación destes principios tuitivos, fuximos da utilización do termo “delincuente” cando describimos os menores que cometeron un delito, posto que o consideramos unha etiquetaxe inadecuada que pode chegar a traducirse posteriormente na estigmatización destas persoas. Así pois, desde a socioloxía da linguaxe é desexable que non se aplique a palabra “delito e castigo” na normativa referida aos mozos e que se opte no seu lugar polos termos “infractor” e “sanción”.

A partir do VII Congreso sobre Prevención do Delito e Tratamento do Delincuente, concretamente coa publicación das Directrices das Nacións Unidas para a Prevención da Delincuencia Xuvenil en 1990, xorde un termo extraído da realidade social: o de “mozos en situación de risco social”.

No caso particular dos menores e mozos que padecen claramente unha exclusión social, estes poden interiorizar e manifestar un estilo de vida que pode levarlos ao extremo da comisión de feitos delituosos, o que leva consigo o prexuízo social e a estigmatización, co que se crea un círculo difícil de romper.

Estamos ante o que se adoita denominar “o círculo vitial”, é dicir, referímonos a aqueles supostos nos que a vítima se converte en infractor ou aos casos en que o infractor se converte en vítima.

Non obstante, nos últimos anos o **perfil do menor infractor** evolucionou cara a un cambio de tendencia, encontrándonos actualmente xa non só con menores non integrados socialmente, procedentes de familias desestruturadas ou de ámbitos marxinais, senón tamén procedentes de familias normalizadas (sen problemas económicos importantes, sen toxicomanías...), ademais de con menores inmigrantes, aínda que estes últimos padecen en moitos casos unha alta exclusión social e ausencia de integración, polo que poderían incluírse no primeiro grupo mencionado.

Tradicionalmente, o concepto de “menor infractor” ía asociado necesariamente a menor procedente de barrios ou zonas desfavorecidas, de etnia xitana, con baixo ou nulo aproveitamento escolar, con familiares en prisión, etc.

Hoxe, non obstante, dispoñemos de estudos realizados nalgunha CA que nos indican este cambio de tendencia e que nos permiten afirmar que unha importante maioría dos menores que infrinxen a lei na nosa comunidade procede de familias normalizadas, entendidas estas como grupos estruturados nos que polo menos un dos proxenitores traballa de xeito estable, o menor acode ao seu centro escolar e desenvolve unha vida social normal.

O que si é certo é que existe unha diferenza clara entre o menor que comete feitos delituosos “leves”, é dicir, de pouca importancia xurídica e que en consecuencia é obxecto de sancións ou medidas de cumprimento no medio aberto, e o menor que comete feitos máis graves (roubo con violencia e/ou intimidación, por exemplo) e que, polo tanto, recibe unha resposta penal-educativa máis severa e restritiva en canto á súa liberdade. Estamos a falar, neste caso, de menores que cumpren as súas medidas en centros educativos.

No primeiro caso, o do menor infractor leve, o perfil psicossocial é o dun home, nacido na Comunidade Autónoma de Galicia, cunha situación económica familiar suficientemente estable como para cubrir as súas necesidades básicas (non require axudas sociais, por exemplo) e cunha familia estruturada (é dicir, con familiares directos que non presentan episodios de delincuencia nin de abuso de substancias tóxicas, etc.).

É posible detectar que, nalgúns casos, se trata de rapaces e rapazas nos que de xeito importante aparece unha variable que se debe estudar de modo específico como é a “ruptura de vínculos”.

É o caso dos menores que sufriron de xeito moi próximo, e “sangrante” en ocasións, unha separación traumática por parte dos seus pais, o que levou consigo que moitos deles apenas teñan relación con algún dos seus proxenitores (xeralmente o pai) ou directamente carezan totalmente dela. Tamén noutros moitos casos, o menor foi obxecto dun abandono total por parte dun ou dos dous proxenitores.

No segundo caso, o das infraccións máis graves, encontrámonos cada vez con máis frecuencia con adolescentes que, sen proviren de fogares marxinais, desviaron as súas referencias vitais cara a estilos de vida de risco, “asumindo valores marxinais e o

discurso da delincuencia como definición da súa propia vida”.

Desta forma, o perfil do menor obxecto de medidas de cumprimento en centro educativo responde ao dun menor cunha situación socioeconómica familiar insuficiente, cunha familia desestruturada, con problemas familiares de saúde mental e/ou física, con proxenitores con consumo de tóxicos e episodios delituosos e tamén nos aparece novamente a variable de “ruptura de vínculos”.

Un exemplo concreto de ambiente desestruturado represéntao na nosa cidade o poboado de Penamoa, cunha situación de pobreza e exclusión social estrutural que limita as opcións de integración dos seus habitantes; neste contexto carencial destaca a dificultade de abordar a situación dos menores que viven neste poboado debido á interacción de factores de risco permanentes e estables no tempo.

O risco global no que transcurre a vida destes menores fai moi difícil o seu apartamento do mundo das drogas tanto nos aspectos relativos ao seu consumo como nos relativos ao tráfico ilícito destas substancias.

Xunto á situación de analfabetismo funcional en adultos e menores, existen serias dificultades para a incorporación destes últimos aos centros escolares e para a asistencia regular ás clases.

En definitiva, trátase dun problema social e dunha situación complexa na súa abordaxe que requirirá da participación conxunta das distintas administracións, e no que todas as institucións e esforzos realizados (incluíndo distintas visitas ao poboado por parte dos técnicos de menores e dos servizos sociais municipais, así como a identificación das familias residentes pola Policía Autónoma) non conseguiron modificar apenas a situación social anteriormente descrita.

Ante esta panorámica de carácter xeral considero necesario achegarlles a continuación a todos vostedes unha visión da realidade criminolóxica xuvenil que se produce na nosa Comunidade Autónoma e que tiveron ocasión de expoñer o mes pasado ante o Parlamento de Galicia con ocasión da comparecencia para a presentación da Memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma.

A xustiza xuvenil en Galicia puxo de manifesto que un total de 1.173 menores foron levados a xuízo, durante o pasado ano, para responder das distintas infraccións. Isto supuxo un aumento dun (+19,45%) respecto do ano anterior.

A Fiscalía formulou 892 escritos de alegacións, equivalentes a acusacións por delito, cun incremento equivalente ao 19,45% respecto do ano anterior.

Os delitos máis representativos cometidos polos menores da nosa comunidade suxeitos a responsabilidade penal foron, en primeiro lugar, os feitos cualificados como delitos de lesións, que representaron o 26,82% do total dos 4.101 delitos rexistrados.

Os feitos cualificados como delito de furto foron os segundos máis representativos, cun 11,38% do total.

Os feitos incoados como danos e roubo con forza nas cousas foron o terceiro e o cuarto máis representativos, con pesos relativos do 10,36% e 9,94% respectivamente.

Con porcentaxes menores, en quinto e sexto lugar sitúanse a violencia de xénero e doméstica e mais os roubos con violencia e intimidación, con pesos respectivos dun 7,53% e dun 7,38%. Finalmente os delitos relativos á seguridade viaria representaron un 4,75% da cifra total dos delitos incoados.

Resulta, así, desta análise que tres categorías de feitos incoados como delitos (contra a integridade física, contra a propiedade e danos) constitúen máis das 2/3 partes da criminalidade xuvenil que se produce na nosa Comunidade Autónoma.

Unha vez ditada a sentenza a un total de 1020 menores lle foron impostas medidas previstas na lei.

En canto a sentencias ditadas polos xulgados de menores de Galicia, foron rexistradas o pasado ano, un total de 827 o que supuxo un incremento do 51% respecto do ano anterior.

Dentro destes datos cabe salientar que estamos asistindo na actualidade á proliferación de sucesos violentos no ámbito familiar que poden requirir, cando as circunstancias o permitan, unha resposta inmediata da xurisdición de menores.

Normalmente cando o menor é denunciado existe unha situación familiar insostible que desborda por completo os pais ou gardadores do menor.

Este aspecto que destacan as Seccións de Menores das Fiscalías é o problema da violencia exercida polos fillos menores sobre os seus proxenitores.

Así, conséntase que cando a denuncia é interposta polos pais é porque se ten chegado habitualmente a unha situación límite e a convivencia se tornou de todo punto imposible. Acódesse entón á vía xurisdiccional, lamentándose que estes incidentes desemboquen directamente no devandito ámbito xudicial sen un previo e desexable traballo das institucións administrativas de protección.

A vía xurisdiccional non representa en moitos casos a solución ao problema, toda vez

que, xunto a comportamentos delituosos se denuncian condutas que poñen de manifesto unha grave situación familiar pero de difícil encaixe desde o punto de vista punitivo.

Evidénciase tamén que alcanza a todas as clases sociais e que moitas veces é produto dunha educación en exceso permisiva que non soubo poñer límites ás demandas dos menores.

Fenómeno complexo, pois, con múltiples arestas: os pais, no seu desconcerto, acoden ás Fiscalías non xa para denunciar, senón para consultar ao Fiscal o que poden facer co seu fillo, e cando finalmente se deciden a denunciar, o forte compoñente sentimental, consubstancial ás relacións paterno-filiais, fai que a actitude dos pais estea suxeita a mudanzas humanamente comprensibles e que á urxencia por recibir unha solución inmediata o día en que se denuncia ou detén o menor lle siga un cambio radical de actitude chegado o día do xuízo, “dulcificando” os pais o relato dos feitos ou acolléndose directamente ao seu dereito a non declarar segundo o disposto no artigo 416 da LACrim, o cal desemboca en sentenzas absolutorias se o seu testemuño era a única proba de cargo do Fiscal.

Cando estes sucesos teñen unha base patolóxica de trastorno no comportamento do menor (hiperactividade, trastorno disocial, conduta oposicionista-desafiante, etc.) bótase en falta a existencia de centros adecuados para o seu diagnóstico e tratamento, polo que sería moi conveniente habilitar centros destas características na nosa Comunidade Autónoma, ou cando menos unidades especializadas neste ámbito. Esta urxente necesidade xa foi trasladada aos responsables da Administración do goberno galego e ao seu Presidente.

A violencia familiar, tanto doméstica como de xénero, representou no ano 2009, na nosa comunidade, un 7,53% da cifra total de delitos, cun importante aumento interanual do (+53,73%).

Como é sabido, a LORPM establece a posibilidade do recurso á mediación no transcurso do procedemento tutelar educativo, con vista a lograr os obxectivos do proceso, isto é, educar o menor para o dereito e integralo de forma digna e responsable na sociedade.

Deste modo o Ministerio Fiscal poderá desistir da continuación do expediente aberto, en función da gravidade dos feitos, cando o menor infractor se conciliase coa vítima, asumise o compromiso de reparar o dano causado ou se comprometese a cumprir unha actividade educativa proposta polo equipo técnico.

Neste punto os indicadores estatísticos revelan que o ano pasado houbo un escaso recurso á mediación no ámbito da xustiza xuvenil.

No 2009 as solucións extraxudiciais rexistraron un descenso do 15,06% respecto do ano anterior, co que esta forma de solución do conflito representou unicamente un 17,33% dos expedientes de reforma incoados.

Ante esta panorámica, nunha xuntanza celebrada o día 1 de marzo foille exposta á Administración autonómica con competencia na materia a necesidade de potenciar os equipos de mediación xuvenil adoptando as medidas oportunas e proporcionando os recursos adecuados, determinando o número de equipos necesarios segundo as necesidades que presenten os xulgados e fiscalías de menores.

Débase, pois, seguir impulsando a adopción de solucións extraxudiciais, tendo presente que os seus efectos beneficiosos xa foron empiricamente contrastados, que o artigo 10 da Decisión Marco do Consello Europeo do 15 de marzo de 2001, relativa ao estatuto de vítima no proceso penal, promove a súa utilización, e constatando tamén que a porcentaxe da súa aplicación aínda non acadou

as cifras doutros países nin, no noso caso, as cifras doutras comunidades autónomas máis expeditivas na utilización deste recurso.

Potenciando adecuadamente esta mediación e reparación extraxudicial poderíamos acadar cifras que chegasen ao 50% de casos que se resolvesen por este sistema, e deste modo cumprir os obxectivos educativos pretendidos pola lei penal xuvenil.

Outro dato que podemos destacar en Galicia é o de que os menores adolescentes comprendidos na franxa de idade 16/17 anos presentan os comportamentos máis problemáticos. Estes menores representaron o 82,86% dos menores que foron levados a xuízo. Así mesmo, o 82% das medidas impostas en sentenza corresponde a esta franxa de idade.

Esta consecuencia parece lóxica se se ten en conta que o período de adolescencia se caracteriza pola ambigüidade en todos os niveis: con respecto ás condutas, ás normas sociais, á relación cos demais e con un mesmo. Podemos dicir, con carácter xeral, que neste período vital todo está marcado pola contradición e a diverxencia.

Trazando un perfil global podemos afirmar que a adolescencia se caracteriza pola cultura da inmediatez, pola inestabilidade emocional, pola necesidade de coñecer, experimentar e poñer a proba tanto a propia resistencia como os límites e as normas familiares e sociais, polo que é considerada como unha etapa da crise evolutiva.

Para rematar farei referencia á experiencia educativa iniciada con relación aos delitos contra a seguridade viaria.

Estes delitos representaron un 4,75% da cifra total de delitos cometidos por menores. Dentro desta porcentaxe destaca a condución de ciclomotores sen posuír a correspondente licenza.

Coa finalidade de dar resposta a esta problemática delituosa foron asinados convenios entre a Fiscalía Superior e os concellos de Vigo, Pontevedra e A Coruña para a reeducación destes menores mediante a súa asistencia a cursos impartidos pola Policía Local destes concellos.

En virtude deste convenio, será a Policía Local da Coruña a que impartirá a dita actividade educativa, elaborando un programa de sensibilización e de reeducación viaria dirixido a aqueles menores que teñan aberto por motivo infractor un expediente na Fiscalía de Menores.

Unha vez finalizada esta actividade educativa a Policía Local daralle conta á Fiscalía do aproveitamento desta por parte do menor. Á súa vez a Fiscalía de Menores, á vista dese informe e logo da valoración polo Equipo Técnico, decidirá solicitarlle ao xulgado de menores o arquivamento do expediente, sempre e cando o cumprimento fose satisfactorio. No caso contrario continuará coa tramitación do expediente para esixir as responsabilidades que procedan.

A través deste Convenio búscase, en definitiva, substituír accións de responsabilidade penal por accións formativas e accións de sensibilización relacionadas coa seguridade viaria.

Vemos pois que a mellor forma de loitar contra a delincuencia xuvenil e a través da prevención, mediante a introducción de melloras no sistema educativo, na promoción do emprego xuvenil, na integración das minorías, na eliminación de ámbitos de marxinalidade social, na oferta de alternativas no uso de tempo libre e do ocio, na loita contra as drogas de abuso e o alcohol.

Igualmente a aplicación das medidas socioeducativas previstas na lei, dando prioridade as accións pedagóxicas e inclusivas,

como a reparación do dano, a conciliación, a prestación de servizos a comunidade e a liberdade asistida, contribuirán a rachar o ciclo cuase fatalista de desenvolvemento de personalidades delinquentes.

Alén disto, é preciso abrir canais de participación e posibilidades efectivas de exercicio da verdadeira cidadanía para os xóvenes na sociedade.

A falta de políticas culturais para a xuventude cría un enorme baleiro que, progresivamente, ven sendo ocupado por forzas negativas, como o tráfico e consumo de drogas, a delincuencia e o vandalismo.

Non podemos esquecer que o xóven se encontra nunha fase da experimentación, na fase da descuberta e exploración dos seus potenciais e que o seu nivel de enerxía e bastante elevado.

Tendo isto en conta, precisamos desenvolver accións que abran espazos e canais de vaciado desta enerxía e desta posibilidade creativa, que fortaleza o exercicio saudable da cidadanía, que posibiliten a creación, a produción cultural e o desenvolvemento dunha identidade social positiva.

Conseguir esto require ousadía e creatividade. Require a busca de novas solucións para vellos problemas. Require que teñamos humildade para escoitar os xóvenes, aceptar as súas ideas e posibilitar a súa participación no enfrontamento destas cuestións.

Para enfrontar o problema da delincuencia xuvenil é preciso rescatar a importancia da xuventude, voltando a recuperar na adolescencia un dos momentos máis rico e placenteros do proceso de vida, e retomando os valores de cooperación e solidariedade.

En caso contrario, o índice de criminalidade entre menores continuará crecendo e sempre aparecerá alguén propondo solucións desesperadas de disminuir cada vez máis a idade de responsabilización penal.

Remato definitivamente invocando as palabras de Beristain cando avoga por unha resposta ao delito e á violencia “con talante non expiacionista nin vingativo, senón restaurativo, e mellor aínda, creativo e recreativo”, reclamando unha maior atención ás facetas “axiolóxicas na pedagogía dos mozos, especialmente os infractores, coa esperanza de que “a súa experiencia do vivir ético, xeneroso, lles amose o camiño para ser felices”.